

## XXVI CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. III CATEGORÍA. 3º e 4º E.S.O.

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Que pobo conmemora un xenocidio que sufríu en 1915?	
Por B: Cabaña tradicional onde se secan as follas de tabaco no suroeste de Cuba.	
Por C: Edificio onde estableceron o goberno os nacionalistas irlandeses na <i>Pascua de Sangue</i> en 1916 na cidade de Dublín.	
Por D: Rei persa derrotado por Alexandre Magno.	
Por E: País africano que posúe unha extensa costa sobre o mar Vermello cuxa capital é Asmara.	
Por F: Pintura mural feita con pigmentos minerais aplicados sobre soporte de argamasa de cal e area	
Por G: Pensador que promoveu <i>branquear</i> Brasil a Pedro II para diluir rasgos negativos dos negros.	
Por H: Pobo euroasiático que penetrou no imperio romano e que tivo a Atila como rei máis famoso.	
Por I: Escravos dos espartanos ou lacedemonios.	
Por K: Barco ruso afundido no Mediterráneo polo <i>Canarias</i> en decembro de 1936.	
Por L: Fundador na baía de New Orleans dunha utopía pirata e nome dun pobo de Luisiana.	
Por M: Cidade francesa onde se sitúa unha filial do Centro Pompidou aberta en 2010.	
Por N: Cidade bombardeada cunha bomba atómica en Xapón o 9 bde agosto de 1945.	
Por O: Lago máis oriental e menor en superficie dos Grandes Lagos americanos.	
Por P: Maior humedal contínuo do mundo que comparten tres países en América Latina.	
Por Q: Capital de Ecuador, a uns 25 quilómetros de distancia do paralelo 0, o Ecuador.	
Por R: Terceiro faraón exipcio da dinastía XIX alcumado <i>O Grande</i> .	
Por S: Apelido do comandante de 56 anos fusilado en 1846 (Mártires de Carral).	
Por T: Nome que reciben os niveis en ríos e costas.	
Por U: Bisbarra galega onde se acha Palas de Rei.	
Por V: Apelido do director de cine italiano alcumado <i>O conde roxo</i> que adoptou O Gatopardo.	
Por W: Sindicalista polaco protagonista da transición do comunismo á democracia.	
Por X: Localidade do sur de Ourense onde se celebra a <i>Festa do esquecemento</i> .	
Por Y: Escritora nacionalizada estadounidense famosa pola súa obra <i>Memorias de Adriano</i> .	
Por Z: Futbolista franco-español da Real Sociedade nado un 19 de xullo de 1986.	

2. Identifica a imaxe da esquerda: político e deputado a Cortes en 1931. Exiliouse en México. Di o título, autor e o lugar onde se atopa esta escultura de Vigo.



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

3. Contesta a estas cuestións.

1. Cantos Parques Nacionais suman Murcia, A Rioxa e País Vasco?	
2. Que cores forman parte da bandeira de Austria?	
3. En que século foi asasinado Thomas Becket por orde de Enrique II?	
4. Buque norteamericano afundido en 1945 torpedeado por un submarino xaponés e no que morreron 300 tripulantes e outros case 600 quedaron á deriva cinco días.	
5. Cal é a capital de Nicaragua?	
6. Único itinerario de peregrinación protexido pola UNESCO aparte do Camiño de Santiago.	
7. Tipo de cultivo que non recibe máis auga que a procedente das precipitacións.	
8. Neorrealista francés morto en 1962, admirador da cultura española, e que viviu en Madrid onde foi yudoka antes de ser coñecido como artista.	
9. Termo demográfico que resta á taxa de natalidade a taxa de mortalidade.	
10. Que rasgo especial teñen os asnos da illa de Asinara?	
11. Política económica onde un Estado debe cubrir as súas necesidades económicas prescindindo no posible as importacións. Autosuficiencia económica típica das ditaduras do XX.	
12. Pareda elevada sobre a fachada a xeito de campanario nas igrexas humildes.	
13. Quen era gobernador civil de A Coruña cando a entrada no Congreso do Capitán Xeneral de Madrid Manuel Pavía en xaneiro de 1874?	
14. Que río pasa por Roma?	
15. De que guerra escribiu o periodista Michael Herr nos seus <i>Despachos de guerra</i> ?	
16. Formación vexetal das capas inferiores de un bosque formada por herbas e matogueiras.	
17. En que barranco foron asasinados máis de 30.000 xudíos en so dous días entre o 29 e o 30 de setembro de 1941 sendo un dos episodios máis horribles de Ucraína?	
18. De quen é este epitafio?: <i>Nado en 1711. Morto en 1776. Que a posteridade engada o resto.</i>	
19. Que mar baña as costas de Pescara e Rímimi en Italia?	
20. Cal é a maior praia urbana (casco urbano) de Estados Unidos?	
21. Capitán do batallón de Barbastro que aparece na lista de feridos da Unión Mercantil de Málaga que publica o periódico <i>El Ejército Español</i> do mércores 28 de xullo de 1909.	
22. Cal é a máis occidental das Illas Canarias?	
23. En que etapa da prehistoria xeneralizaron os humanos o pulimento dos útiles líticos?	
24. Cantas fanegas representaban as rendas de Villaxo do mosteiro de S. Pedro de Cardeña en 1338 cando foi <i>tomar quenta destas</i> D. Joan, abade do mosteiro de Sto. Domingo de Silos?	
25. Alcalde de Vigo cando desaparecen os tranvías e cando se construíu a torre de Toralla.	
26. Cal destes ríos europeos desemboca no Báltico: Sena, Vístula, Rin ou Danubio.	
27. A que estilo artístico pertencen as catedrais de París, Amiens, Beauvais e Reims?	
28. Dentro do arquipélago das Ryukyu, cal é a illa desta relación máis septentrional respecto a Okinawa?: Miyako, Yoron, Kikai ou Irabu?	
29. ...por certo, que bebida alcolica se toma aí parecida ao sake pero non por fermentación do arroz senón por destilación?	
30. Un clima con 8 graos de media e 502 mm de precipitación anual correspondería a cal destes tipos?: oceánico, continental, ecuatorial, desértico, tropical ou mediterráneo?	

4. Completa a información que falta:

Recentemente faleceu o Padre Evaristo Rivera Vázquez, que foi Rector do Colexio entre 1974 e 1981 e que da nome á aula onde se imparten actualmente as materias de Historia en Bacharelato. Escribiu un libro titulado *Galicia y los Jesuitas*. Que capital (en reais) tiña o Colexio xesuíta de Pontevedra colocado en xuros (como os modernos títulos de Débeda Pública) en 1767, momento no que abandoan España, segundo a Secretaría de Facenda? \_\_\_\_\_

En 1916 o Colexio Apóstol establécese en Vigo. Que escritor nacido na mesma vila que o xogador de baloncesto José Calderón se suicida ese mesmo ano? \_\_\_\_\_

Algúns anos despois, en 1990, cursaba en 1º B.U.P, grupo D, un alumno que aparece no catálogo na fila de arriba á dereita de todo (según miramos a foto). De que alumno se trataba?  
\_\_\_\_\_